Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os trasnos Trubincos



Os Trubincos
Debuxo de Francisco Sutil

Sabemos dos trasnos Trubincos polo libro de **Rafael Quintía Pereira** "Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas", onde nos conta:

"*En Salcedo atopamos unha particular variedade de trasno que vén facer fincapé na riqueza que ten Galicia en seres míticos. Refírome ós Trubincos, e deles faloume o Sr. Juan Piñeiro, da Cancela. Os Trubincos son unha caste de trasnos propios do Nadal. Estas criaturas amigas do enredo e de remexe-las cousas, baixan pola cheminea na noite de Noiteboa e se na casa non se teñen preparadas unas piñas con brea para darlles de agasallo fanche trasnadas e revólvenche todo no fogar*".

A ilustración para o libro citado é obra de **Francisco Sutil**

BIBLIOGRAFÍA

Rafael Quintía Pereira Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas, Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA), 2014.